

Don Pablo Montero Carrera, Secretario da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra

### C E R T I F I C A:

Que na sesión da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra celebrada o 22 de febreiro de 2024, e segundo resulta do borrador da acta correspondente, e coa salvidade que establece o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, aprobado por R.d. 2568/1986, de 28 de novembro, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

**Asunto: *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa, do procedemento aberto convocado para a Subministración de illas ecolóxicas do proxecto "Da túa man" (rural) presentado á convocatoria de axudas 2022 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU. (Expte.- 2023075150).***

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno, do día 30/01/2024 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, da "*Subministración de illas ecolóxicas do proxecto "Da túa man" (rural) presentado á convocatoria de axudas 2022 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU.*". O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 31/01/2024. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á desciframento e descarga da documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.



Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir as seguintes empresas:

- ALQUI ENVAS S.L. (CIF:B255335332)
- BAYGAR S.L. (CIF:B12019659)
- COGAMI RECICLADO DE GALICIA SL (CIF:B15467962)

E para que conste, estende a presente, en Pontevedra, na data que figura á marxe.

